

Á espera de Lobos doentes

12 de Setembro, 2022 - 12:10 h. | Publicada por Radiofusión

Acaba de anunciarse en Edicións Xerais de Galicia para xaneiro de 2023 a publicación de *Lobos doentes*, de Antonio Tizón, a cuarta novela da serie Sánchez Pereiro que, como as tres anteriores, será tamén emitida en formato podcast por Radio Fene Radiofusión. Esta nova dámos pé para reflexionar outra vez sobre dúas das tres obras que este autor está a publicar na mesma editorial dende 2015, a intervalos regulares.



Ambas novelas admiten tanto lecturas independentes como complementarias. Porque en *Os incurábeis* Tizón prosigue o itinerario aberto en *A antesala luminosa*. É outro paso máis dunha pentaloxia con formato de novela negra que ten a Xosé Sánchez Pereiro como principal protagonista. Se ben a trama é policial, a forma de urdila é existencial. Nestas obras, o policía ten que investigar asasinatos, pero sobre elas gravita continuamente o que se resiste ao esclarecemento, os grandes enigmas da morte e a loucura.

Se *A antesala luminosa* se abría con dous cadáveres calcinados na

noite das meigas, Os incurábeis arrinca cunha vella prostituta cuns dentes cravados na gorxa. O seu asasinato é o inicio dunha serie de mortes encadeadas que acabarán remitindo a unha mesma autoría intelectual e a un gran dilema moral: que facer coa loucura?

Páxina a páxina, imos entrando no delirante mundo dos baixos fondos, un mundo onde “todos son moi capaces de matar a calquera” e onde impera a penumbra do prostíbulo. Alí, os mesmos policías que terían que velar polo cumprimento da lei, velan por protexer os intereses dos escuros poderes que moven os fíos dende as cloacas do Estado.

O inspector Sánchez (mullereiro e bebedor, ao que non lle falta nin unha fortaleza sen escrúpulos nin unha certa nobreza) sabe que, canto máis sirva aos poderosos, estes máis lle darán acceso ao verdadeiro poder, ese que permite arruinar unha vida, torturar ou matar “cunha simple chamada de teléfono”. Ten claro que “se queres chegar a algo nesta profesión, tes que deixar de lado todo vestixio de honestidade e aceptar a corrupción como algo propio do sistema”. Teno claro e de aí os seus ascensos meteóricos.

Nesta terceira entrega da serie, no medio da loucura dun mundo gangrenado pola corrupción das institucións, vai desfilando pola obra unha polifonía de loucuras individuais, como a dun Iván que confunde A Coruña con Nova York e gaivotas con avións, a dun Rubén que acoitela gatos ou a dun Ignacio que lle voa a cabeza aos seus animais. Casos que trata Helena Salcedo, unha psiquiatra peculiar. “A enfermidade mental –para a doutora Salcedo– pode compararse cos enfermos de cancro. Os hai que responden ao tratamento e os hai que acaban sucumbindo nos primeiros intentos. Os hai que teñen cura e os hai que non”. Helena entende a psiquiatría “como unha guerra preventiva contra o eixo absoluto do mal, que é a loucura”. Unha guerra dos fortes contra os débiles, dos poderosos contra os impotentes, dos que toman as decisións fronte aos que as padecen. Non lle viría mal á doutora escoitar estas palabras do “incurábel” Iván: “Aínda que o inferno non está fóra dun mesmo, cremos que o mal sempre aniña nos demais”, isto é, proxectamos un conflito interior no exterior e pensamos que eliminando algo ou alguén aí fóra facemos desaparecer o problema. Algo tan ilusorio como querer acabar cunha sombra dun disparo.

No descenso ao “pozo negro, profundo e terríbel” da depresión que se nos narra en A antesala luminosa, Gustavo Gallego viu claro que a loita non é contra ningún demo “senón contra ti mesmo, a loita diaria contra a morte, que non é a fin da vida, senón o principio de algo máis terríbel, algo que ás veces albiscamos tras unha cortina moi negra que ninguén se atreve a descorrer porque a todos nos dá medo ver o que hai detrás e somos capaces de facer calquera cousa con tal de non descubri-lo xamais”.

Hai unha actitude preventiva para coa loucura que é moi distinta á guerra preventiva, á solución auspiciada pola doutora Salcedo. Dese outro camiño fala en Os incurábeis o doutor Díaz del Valle, que sinala a diferenza entre o incurábel e o intratábel. Hai males, físicos como a diabetes ou psíquicos como o trastorno bipolar, que aínda non sabemos curar pero que sabemos tratar, por máis que saibamos que son enfermidades crónicas que deben ser tratadas durante toda a vida. Tal e como nos di o doutor, “en vez de preguntarse se o trastorno bipolar ten cura, o que habería que preguntarse é se ten un bo tratamento. E entón podemos responder cun si rotundo”. Ese si é un si pola integración social da enfermidade mediada por un tratamento axeitado.

Fronte á actitude soberbia da “guerra preventiva”, representada por Helena Salcedo, está a humildade da “actitude preventiva” de Gustavo Gallego. El, que coñece a loucura dende dentro, que foi e volveu do inferno, é consciente da súa fragilidade, das súbitas oscilacións da bipolaridade, das súas devastadoras euforias e depresións. É consciente e sabe que o alude ninguén o pode parar unha vez desencadeado, que só podemos tratar de previr o crecemento exponencial dunha onda interior que, a partir dunha certa magnitude, arrastra a conciencia a unha crise psicótica, a partir da cal, como di Gustavo Gallego, “si que non somos responsábeis”.

Fronte á soberbia, a cautela; fronte á “solución final”, o tratamento crónico. Que facer coa loucura? Que facer coa existencia?

Comentaba o psicoanalista Carl Gustav Jung que unha imaxe que emerxera poderosa na súa mente era a del mesmo portando un candil no medio da escuridade. A chama do candil, leve e oscilante, proxectaba ao redor sombras ameazantes, pero toda posibilidade de orientarse na escuridade dependía de protexer esa chama. Esa era

para Jung a situación existencial do ser humano, a dunha conciencia rodeada de escuridade. Ao louco se lle apaga a chama e afoga na noite, pero as tebras que o raptan, como a que se leva ao morto, nos rodea a todos. Non

podemos eliminar o descoñecido e moito menos pode o artista, ese ser exposto cuxa obra da unha voz ao inconsciente. Sen poder eliminalo, non temos máis opción que convivir cronicamente con ese “non saber” no que se abisman os cementos da conciencia.

No escrito por Antonio Tizón hai moitos personaxes que descenden ao inferno, a maioría non volven, pero Gustavo Gallego volve con humildade e gratitude. Non se sente nin un infrahome nin un superhome, nin un despoxo, como Iván ou Tino, nin unha especie de ser superior, como Helena. Gustavo sabe que é un home cun talón de Aquiles. Sabe que ten unha enfermidade crónica e que debe contar coa supervisión dos profesionais da saúde. Sabe que foi decisiva para a súa recuperación a asistencia do doutor Campiño. Sabe, en definitiva, que á salvación dun ser humano coadxuvan outros seres humanos. E así como nas dúas novelas mencionadas atopamos persoas dispostas a matar por odio, convicción ou negocios, hai outras, como María Silveira, que están dispostas a dar a vida por amor. María Silveira, en *A antesala luminosa*, e Helena Salcedo, en *Os incurábeis*, representan o día e a noite fronte á loucura. A psiquiatra diagnostica e sentencia, e faino cos métodos que considera máis convenientes; María ama e agarda, e faino cunha paciencia sen data de caducidade. Cando ve a Gustavo desfigurado pola loucura, en vez de eliminalo da súa vida, como lle aconsella a familia, entrégalla enteira. E abandona de inmediato os seus estudos para arrimar o ombro no labor titánico de revivir un morto, de contribuír ao tratamento eficaz dun enfermo en estado catatónico, de construír a primeira ponte para iniciar o camiño da esperanza no duro e longo proceso da recuperación de Gustavo.

Así como a depresión irrompeu sen causa aparente, tamén se foi “sen explicación ningunha”, como se asegura no capítulo 10 de *A antesala luminosa*, pero, como confesa Gustavo en *Os incurábeis*, “co tempo dinme conta de que saín do inferno grazas ás amizades, ao doutor Campiño, o meu psiquiatras, e a María Silveira, a miña compañeira de sempre, que sempre confiou na miña recuperación. Ás veces me

pregunto que sería de min sen eles; sobre todo, sen o doutor Campiño e sen María. Seguramente, sen eles, aínda agora estaría a dar voltas polo inferno”.

Recordásenos, nunha das páxinas de Os incurábeis, que o que en literatura non é autobiográfico é plaxio. Pois ben, nestas obras laten sen dúbida ningunha a autenticidade do vivido, de quen sabe do que fala porque o experimentou en primeira persoa. Decía Rilke que unha obra de arte é boa se é froito da necesidade. A obra de Antonio Tizón paréceme unha obra necesaria, unha obra que tiña que ser escrita e publicada. Tras a intensidade dunha lectura que absorbe sen descanso a nosa atención, síntese o palpitar dun impulso literario profundo, dun descenso aos infernos que demandaba ser dado á luz. A antesala luminosa e Os incurábeis ofrécennos non só unha absorbente trama policiaca senón un percorrido polas zonas abisais da mente humana, unhas zonas que non son alleas a ninguén.

Benito Arbaizar Gil